



## II PREMIOS EMPRENDE CULTURA GAIAS “SIXTO SECO”

**Convocatoria 2014**





## INDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. EMPRENDE GAIÁS - "SIXTO SECO" NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA 2014 .....	3
2.1 Obxecto.....	3
2.2 Premios.....	3
2.3 Beneficiarios/as .....	4
2.4 Financiamento orzamentario .....	4
2.5 Solicitudes e documentación .....	4
2.5.1 Documentación a presentar;.....	5
2.5.2 Inscripción; .....	6
2.6 Instrución e tramitación do procedemento .....	6
2.6.1 Comisión avaliadora.....	6
2.6.2 Criterios de avaliación.....	6
2.6.3 Resolución e entrega .....	7
2.7 Obrigas das persoas participantes e beneficiarias.....	7
2.8 Réxime xurídico .....	8
2.9 Disposicións adicionais.....	8



## 1. INTRODUCCIÓN

Emprende Cultura Gaiás “Sixto Seco” na Cidade da Cultura de Galicia é unha actuación consistente nun concurso dirixido a emprendedores e profesionais independentes do sector cultural, que pretende:

- \_ Potenciar a realización de proxectos empresariais dentro do ámbito das industrias culturais.
- \_ Impulsar o desenvolvemento de novos proxectos no dito ámbito.

Deste xeito, procedese á convocatoria do programa dos Premios Emprende Cultura Gaiás- “Sixto Seco” 2014, conforme as seguintes bases.

## 2. EMPRENDE GAIÁS - “SIXTO SECO” NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA 2014

### 2.1 Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto impulsar o desenvolvemento de novas ideas emprendedoras relacionadas coas industrias culturais e que queiran desenvolver a súa actividade en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia: deseñadores-ilustradores, profesionais da comunicación, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e de proxectos culturais en internet e calquera outra persoa con vinculación no emprendemento cultural.

Modalidades:

- \_ **Modalidade A:** proxecto innovador para a programación de aplicacións informáticas relacionados co sector cultural e proxectos culturais en internet.
- \_ **Modalidade B:** proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área do deseño no ámbito cultural
- \_ **Modalidade C:** proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área da xestión cultural.

### 2.2 Premios

Premio o mellor proxecto presentado en cada unha das modalidades:

- Incorporación gratuíta durante doce meses ao espazo coworking “Centro de Emprendemento Creativo de Galicia” da Cidade da Cultura de Galicia; o premio inclúe:
  - Ocupación dun espazo no co-working, coas seguintes prestacións; unha mesa de traballo, con conexión a internet., e os seguintes servizos comúns: sala de reunións, con internet wifi, proxector,.., despacho para reunións, caixas de correo, servizos de seguridade, videovixilancia e control de accesos, subministración eléctrica, auga, calefacción e servizo de limpeza.
  - Desconto 50% en todas as actividades que se realicen na Cidade da Cultura de Galicia.
  - Participación en toda as actividades de formación promovidas de forma gratuíta pola Cidade da Cultura de Galicia de interese para o candidato.



– Posibilidade de amosar produtos promocionais do proxecto gañador escarapate/showroom.

– Intercambio con outros espazos Co-working de ámbito internacional, coas que a Cidade da Cultura de Galicia teña convenio.

▪ Asistencia a Zinc Shower (2015), o maior meeting show de industrias culturas e creativas realizado en España. O premio incluírá gastos de desprazamento, aloxamento e dietas e inscrición nas conferencias (ou evento de similar importancia e características, no caso de desconvocatoria do mesmo).

A Agadic proporcionará inicialmente apoio e asesoramento na creación da empresa e actividades de formación que apoien o desenvolvemento dos proxectos de emprendemento. Un proxecto non poderá ter máis dun recoñecemento. No caso de que un proxecto" fose candidata a un premio e xa obtivera outro, pasaría a ser gañador o seguinte máis valorado.

### **2.3 Beneficiarios/as**

Poderán participar nesta convocatoria;

1. Titulados de ciclos medios e de ciclos superiores de Formación Profesional e das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
2. Titulados e diplomados de escolas de arte.
3. Licenciados e diplomados universitarios en humanidades e/ou calquera outra rama artística.
4. Calquera outra persoa licenciada ou diplomada con vinculación no emprendemento cultural e que desexen desenvolver a súa actividade en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia

### **2.4 Financiamento orzamentario**

Os premios concedidos de conformidade coas presentes bases serán imputados ao orzamento do ano 2014 da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con cargo ao subgrupo 65 do cadro de contas do Plan Xeral de Contabilidade, adaptado ás entidades sen fins lucrativos, por importe de 4.320,00 € (incorporación gratuíta ao espazo "coworking" por doce meses) e 2.100,00 € (asistencia a Zinc Shower), para os gañadores nas tres modalidades.

### **2.5 Solicitudes e documentación**

A inscrición ou solicitude é imprescindible para a participación en calquera das tres modalidades, e ten por obxecto recoller a intención formal de participar.

As persoas participantes deberán presentar, xunto coa **solicitude de participación** segundo **ANEXO I** e inscrición no concurso, os seus **traballos e documentación acreditativa da súa formación**, que entregarán persoalmente no Rexistro da Fundación ou poderán enviar por correo postal ou mensaxería á seguinte dirección:



### **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

Gaiás - Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio CINC, terceiro andar (Monte Gaiás).  
15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

Cando a documentación se envíe por correo postal, o participante deberá comunicar este dato á Fundación por fax (número de fax: 00 34 881 997 577) ou correo electrónico ([cidade.cultura@xunta.es](mailto:cidade.cultura@xunta.es)), e xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos mediante remisión da copia do resgardo da imposición, onde conste claramente a data en que tivo lugar. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida pola Fundación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorrida, non obstante, cinco días naturais seguintes á data indicada sen recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

A solicitude de inscrición estará dispoñible nos seguintes enderezos: [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org), [www.agadic.info](http://www.agadic.info), [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es). Nos enderezos indicado ofrécese os modelos da documentación que cumprirá presentar sobre os "proxectos", así como unhas orientacións para formalizar esa documentación.

#### **2.5.1 Documentación a presentar;**

**1.- Solicitude de participación segundo ANEXO I.**

**2.- Documentación acreditativa da formación;** a documentación acreditativa da súa formación deberá ser presentada como anexo á solicitude de participación e **fóra do sobre cerrado**, para permitir a comprobación de cumprimento de requisitos de titulación.

**3.- Proxectos (segundo formulario ANEXO II):** os textos deberán ser presentados por triplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, paxinados e grampados ou encadernados.

Na portada de cada unha das copias indicarse unicamente o título e/ou lema e a modalidade de premio á que optan. Os textos incluíranse nun **sobre cerrado único** no que se indicará unicamente; nome do concurso (Emprende Cultura Gaiás-"Sixto Seco". Convocatoria 2014), título e/ou lema do proxecto e a modalidade de premio á que optan.

Os textos deberán presentar o guión previsto no Formulario (ANEXO II);

1. Presentación básica do proxecto; memoria explicativa que resuma de xeito concreto, en que consiste o proxecto.
2. Presentación do participantes; formación e experiencia dos candidatos.
3. Carácter innovador do proxecto presentado; aspectos do seu proxecto que o diferenzan de outros proxectos similares no mercado ou que conleven un valor engadido respecto de outros proxectos similares.
4. Breve reflexión sobre a viabilidade do proxecto presentado e sobre a factibilidade de se converter nun proxecto viable; análise de custes e inversión inicial, persoal necesario para poñer en marcha o proxecto.
5. Adecuación á especificidade do premio; indicar en qué medida o proxecto se adecúa á modalidade á que se presenta.
6. Impacto na área influencia de implantación do proxecto; ámbito de implantación (local, autonómico, nacional ou internacional), xeración de riqueza e/ou emprego nesa área de influencia, previsións de expansión.

## 2.5.2 Inscripción;

A **data de inscrición** e presentación dos traballos está aberta desde a publicación destas bases ata o **31 de agosto de 2014**.

No caso de que a documentación presentada adoleza de algún defecto subsanable, habilitarase un prazo non superior a 5 días naturais para a presentación da documentación que se requira ao solicitante.

Logo de comprobar que as persoas solicitantes cumpran os requisitos, a relación de inscricións admitidas, comunicarase aos candidatos seleccionados e conxuntamente indicarse a cada seleccionado a data na que serán convocados para expoñer presencialmente o seu proxecto.

## 2.6 Instrución e tramitación do procedemento

### 2.6.1 Comisión avaliadora

#### Órgano de instrución

A Xerencia da Fundación Cidade da Cultura de Galicia será o órgano instrutor do procedemento, responsable da súa tramitación. Serán funcións do órgano instrutor:

- \_ Realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba resolver.
- \_ Solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto.

#### Composición da comisión avaliadora

Para a valoración dos proxectos que se presenten constitúese unha comisión de valoración formada por:

- \_ Dous representantes da Fundación Cidade da Cultura
- \_ Dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Un dos representantes da Fundación Cidade da Cultura de Galicia actuará como presidente da comisión. Un dos membros da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario da comisión e redactará unha acta de cada sesión que se celebre.

#### Funcións da comisión avaliadora

- \_ Avaliar os proxectos presentados.
- \_ Propor a concesión dos premios para o seu outorgamento polo órgano competente .

O outorgamento dos premios determinarase atendendo aos criterios de valoración sinalados no punto 2.6.2 destas bases.

### 2.6.2 Criterios de avaliación

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios á hora de determinar os premios en cada modalidade:

- **Carácter innovador e creatividade da idea presentada;** 30 puntos. Valorarase a orixinalidade e a innovación do proxecto e produtos presentados, e que non fose patentada ou non existise un proxecto similar no mercado no momento de publicación das presentes bases.
- **A factibilidade da idea ou proxecto presentado e as posibilidades de se converter nun proxecto viable;** 20 puntos. Valorarase a viabilidade da proposta presentada polos candidatos e as previsións de éxito do proxecto.
- **Adecuación á especificidade de cada premio;** 20 puntos. Valorarase a adecuación do proxecto ou idea á modalidade de premio a que opta, a mellor identificación das actividades e produtos que se pretenden levar a cabo así coma dos elementos que os integran.
- **A integración de perfís profesionais dos participantes;** 20 puntos. Valorarase o proxecto que inclúa un punto para o análise das estratexias de formulación de perfís profesionais por competencias, con adaptación as categorías establecidas na cláusula 2.1 das presentes bases, e que integre variedade de perfís profesionais dentro dunha mesma candidatura.
- **A súa capacidade dinamizadora e o impacto na súa área de influencia;** 10 puntos. Terase en conta o impacto potencial da idea en canto a creación de riqueza e xeración de emprego na área de implantación do proxecto presentado polo candidato.

### 2.6.3 Resolución e entrega

A resolución dos premios terá lugar o **1 de outubro de 2014**. Farase difusión pública do resultado e comunicaráselles directamente ás persoas gañadoras.

A organización resérvase o dereito de declarar desertos un ou varios premios no caso de que os proxectos que se presenten non reúnan as características necesarias e non alcancen a puntuación mínima de 35 puntos.

Deseguido realizarase a entrega dos premios, que se desenvolverá nun acto público.

Os textos non premiados poderán ser retirados das oficinas da Fundación, logo de presentación de solicitude de retirada asinada polo autor e identificación no momento da súa recollida, no prazo de trinta (30) días naturais contados a partir do seguinte a data de comunicación da desición do xurado. Aqueles non retirados no prazo indicados serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación ao respecto.

A presentación de candidatura para o II premio Emprende Gaiás na Cidade da Cultura de Galicia – “Sixto Seco”, implica a aceptación íntegra das bases da presente convocatoria pública e dos acordos de resolución adoptados pola Comisión avaliadora e polo órgano de instrución.

### 2.7 Obrigas das persoas participantes e beneficiarias

- \_ Coa inscrición acéptanse as bases dos premios.
- \_ A organización poderá difundir as características xerais das proxectos que se presentaran e, no seu momento, os nomes dos gañadores e os dos seus equipos promotores.
- \_ A organización comprométense a gardar confidencialidade dos datos achegados.
- \_ Queda garantido o correcto tratamento da documentación achegada e dos datos facilitados, consonte a Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.



## 2.8 Réxime xurídico

As presentes bases réxense polo dereito privado, e resúltalles de aplicación o disposto na Lei 9/2003, de Subvencións de Galicia; na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia; nos principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e os de información a que fai referencia o artigo 16 do citado texto legal; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que desenvolve os devanditos principios de xestión e publicidade; e no artigo 11 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia. Os premios están suxeitos ao IRPF, segundo a lexislación aplicable.

## 2.9 Disposicións adicionais

A presentación de instancia leva implícita a autorización para o seguinte:

\_ Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos salientables referidos ás axudas recibidas.

\_ De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publicarase na páxina web a relación de persoas premiadas e os premios concedidos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Estes premios serán compatibles con outras axudas, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ó órgano concedente a súa obtención.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos facilitados consonte con estas bases pasarán a formar parte dun ficheiro, automatizado ou non, con datos de carácter persoal, cuxo responsable é a Fundación da Cidade da Cultura.

O/a beneficiario/a poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, de ser o caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación, dirixíndose por escrito á Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao enderezo Gaiás- Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).





## ANEXO I

### anexo solicitude de participación

#### PARTICIPANTE

Apelidos e nome \_\_\_\_\_  
NIF \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_  
Cód. postal \_\_\_\_\_  
Concello \_\_\_\_\_  
Provincia \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_  
Fax \_\_\_\_\_  
Correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPÓN** que ten coñecemento da convocatoria pública e das bases do I premio Emprende Gaiás na Cidade da Cultura de Galicia - "Sixto Seco", e que as acepta na súa totalidade.

**AUTORIZA** á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a gravar, nos mesmos termos establecidos na Lei 9/2003, de Subvencións de Galicia -enrelación coa Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal- os datos que figuran nesta solicitude, así como os que se achegan coa documentación a ela anexada nun ficheiro de solicitantes e beneficiarios de subvencións públicas da Fundación, nos mesmos termos e coas previsións contidas na devandita lexislación.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** dá expresamente o seu consentemento á Fundación Cidade da Cultura de Galicia para que, de acordo co establecido na Lei 4/2006 de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006 polo que se regulan os rexistros públicos creados na Lei 7/2005 de orzaentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria na web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión do beneficiario, cantidade e finalidade, na forma que determine o órgano competente.

#### TEXTO PRESENTADO

Premio ao que opta  
(modalidade) \_\_\_\_\_  
Título \_\_\_\_\_  
Lema \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2013  
(sinatura do participante)

**DIRECTORA XERENTE DA FUNDACION CIDADE DA  
CULTURA DE GALICIA**



## ANEXO II: FORMULARIO

### 1. Presentación do proxecto (memoria explicativa)



## 2. Presentación do participantes

### FORMACION:

### EXPERIENCIA:



### 3. Carácter innovador do proxecto presentado

### 4. Viabilidade do proxecto presentado



## 5. Adecuación á especificidade do premio

## 6. Impacto na área influencia de implantación do proxecto.